

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0946	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	107
MP0946_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	45
MP0946_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	62

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CONCEPCION ROMERO LOPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo do ciclo formativo de técnico superior en mecatrónica industrial, quedou establecido no Decreto 109/2013, do 4 de xullo, logo de adaptar o Real Decreto 1576/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en mecatrónica industrial, no que se fixan as ensinanzas mínimas do título a realidade económica e social galega e as súas necesidades de cualificación do sector produtivo. O Decreto establece no seu artigo 4 que, a competencia xeral dos técnicos en mecatrónica industrial, será a de configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidades, seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental. Para a súa consecución a norma, enumera diferentes competencias profesionais, persoais e sociais, que se traballan nos diferentes módulos do ciclo, coa finalidade de dotar o alumnado do ciclo dos coñecementos básicos para desenrolar o seu papel como técnico superior en mecatrónica o longo da súa vida laboral e maneira eficaz e responsable. Como indica a norma, os postos máis salientables o finalizar o ciclo serán os seguintes:

- Técnico/a en planificación e programación de procesos de mantemento de instalacións de maquinaria e equipamento industrial.
- Xefe/a de equipo de montadores/oras de instalacións de maquinaria e equipamento industrial.

Con este marco normativo de referencia, no noso centro ofértase o ciclo formativo de técnico superior en mecatrónica industrial baixo a modalidade de FP Dual, en colaboración coas empresas REGASIFICADORA DEL NOROESTE S.A. REPSOL, GAMESA e INTASA, Segundo acordaron no convenio asinado en xullo do 2023, cunha duración dende o 01/09/2023 ata o 31/08/2025, no que entre outras características acórdase:

- A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no ciclo formativo correspondente á obtención do título de técnico superior en Mecatrónica Industrial.
- Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5%.

As empresas colaboradoras, son empresas de referencia a nivel internacional no sector dos montaxes mecánicos e eléctricos.

Especializada na montaxe e mantemento de parques eólicos, proporciona o noso alumnado unha formación práctica innovadora e eficaz, que permite o noso alumnado un acercamento eficaz ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresa.

O módulo profesional de Formación e Orientación Laboral contén a información necesario para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da mecatrónica industrial., formando ó alumnado en contidos tales coma: Prevención de riscos laborais, dereitos e obrigas dos traballadores, contratación, seguridade social, procura de emprego e traballo en equipo.

Con este fin, as liñas de actuación para alcanzar os obxectivos xerais marcados no currículo versarán sobre:

- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica
- Estudo das condicións de traballo do sector da mecatrónica industrial a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da mecatrónica industrial.
- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo profesionalizadores, en especial no referente ao sector da mecatrónica industrial.

- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación en PRL na empresa.	7	5
2	Prevenção de Riscos Laborais	Relación traballo-saúde. Conceptos básicos en PRL. Os danos profesionais. Condicións de traballo e Factores de risco	13	12
3	Xestión da prevención	Normativa e cumprimento na empresa. Órganos de representación e participación dos traballadores. Planificación da prevención.	13	12
4	Actuación en caso de emerxencia	Determinación das posibles situacións de emerxencia e daquelas nas que se deben prestar os primeiros auxilios. Protocolos de actuación en cada caso.	12	11
5	Formación en empresa	Actividade que se impartirá na empresa	0	0
6	Dereito do traballo. O contrato. O convenio. A representación dos traballadores	Unidade sobre o dereito do traballo, fontes, dereitos e obrigas dos traballadores, a súa representación e o concepto e tipos de contratos de traballo, xunto o convenio colectivo	11	10
7	A xornada laboral e o salario	Nesta unidade farase un achegamento ás preocupacións da nosa realidade laboral a través do tempo de traballo e da retribución que vai recibir unha persoa traballadora pola súa prestación	11	10
8	Modificación, suspensión y extinción do contrato de traballo.	Nesta unidade veremos como o contrato poderá modificarse, suspenderse e incluso extinguirse, consecuencias das mesmas e liquidacións resultantes	11	10
9	A Seguridade Social.	Nesta unidade traballaránse os conceptos da Seguridade Social, xestión (afiliación, altas e baixas), así como as principais prestacións.	10	10
10	Inserción laboral. Búsqueda activa de emprego.	Nesta unidade estudaremos a situación que se produce cando se remata a formación e se teñen que valorar as distintas alternativas. Iniciar a busca de emprego ou valorar outras posibilidades como continuar formándose, coñecer outros mercados, emprender pola conta dun, etc.	10	10
11	Relacións no entorno de traballo. Traballo en equipo.	Achegamento ao concepto de traballo en equipo, importancia, vantaxes e inconvenientes. A negociación no ámbito laboral como sistema de solución de conflitos e de regulación das condicións de traballo	9	10

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	7

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da mecatrónica industrial.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Prevenición de Riscos Laborais	13

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da mecatrónica industrial.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

**Criterios de avaliación**

CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector da mecánica industrial en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da mecánica industrial.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da prevención	13

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Actuación en caso de emerxencia	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Formación en empresa	0

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Dereito do traballo. O contrato. O convenio. A representación dos traballadores	11

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A xornada laboral e o salario	11

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en mecatrónica industrial.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Modificación, suspensión y extinción do contrato de traballo.	11

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	A Seguridade Social.	10

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.  Estructura do sistema de seguridade social.  Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.  Protección por desemprego.  Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Inserción laboral. Búsqueda activa de emprego.	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecánica industrial.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Cofecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en mecánica industrial.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en mecánica industrial.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Contidos
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	Relacións no entorno de traballo. Traballo en equipo.	9

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecatrónica industrial e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da mecatrónica industrial segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

<p>A docente dará ao alumnado, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos exixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible (biblioteca, páxina web, etc).</p> <p>Dada a configuración da FP Dual recollida no convenio correspondente, neste ciclo superior de Mecatrónica Industrial o módulo de FOL impártese, dende o principio do curso (setembro) ata finais de febreiro. A continuación o alumnado continuará coa súa formación na empresa colaboradora da formación dual.</p> <p>Para aprobar o módulo, o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes mínimos exixibles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.</li> <li>- Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras..</li> <li>- Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.</li> <li>- Analizar os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da mecatrónica industrial.</li> <li>- Asumir a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.</li> <li>-Determinar as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados có perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.</li> <li>-Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.</li> </ul>
--





- Clasificar e describir os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecánica industrial.
- Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial.
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Levar a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
- Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos..
- Establecer o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecánica industrial.
- Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
- Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecánica industrial e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Aceptar de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en mecánica industrial.
- Valorar as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Analizar o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
- Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

- Identificar os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- Valorar o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- Delimitar o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
- Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- Determinar as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Tomar conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo..
- Valorar o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
- Diseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecánica industrial.
- Determinar as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse pa formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecánica industrial
- Empregar adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- Prever as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

Para a avaliación das aprendizaxes adquiridas por cada alumno/a utilizaranse os seguintes INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.

**- PROBAS ESCRITAS:**

O alumnado deberán realizar en cada avaliación una ou máis probas escritas sobre os contidos traballados nese período.

Trátase de probas obxectivas que terán carácter teórico - práctico, como preguntas de resposta curta, tipo test e/ou casos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles. As respostas en branco non puntuán e as respostas erradas restan na proporción que se indique en cada proba. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar o coñecemento da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. En cada proba indicárase o valor de cada cuestión.

Tipo de cualificación: sobre 10 puntos.

Ponderación na nota da avaliación: 80%

Aquel alumna/o que non asista a unha ou varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperalas en data distinta salvo causa xustificada documentalmente.

**- ACTIVIDADES DE AULA/CUESTIONARIOS:**

Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso actividades individuais/cuestionarios e/ou actividades en equipo. Os contidos, características e criterios de corrección de cada unha das actividades serán proporcionados previamente á súa realización. As actividades que non sexan realizadas ou presentadas nos prazos indicados só poderán ser presentadas noutro prazo por causa xustificada documentalmente. As actividades non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación.

Ponderación na nota da avaliación: 20%

A recuperación das actividades consistirá na realización dunhas novas actividades da mesma natureza cas anteriores.

No suposto de que se teña coñecemento de que o alumnado realizou calquera acto de copia, suplantación ou cambio dunha proba escrita, traballo ou tarefa, anularase a mesma e terá que recuperala.

Na realización das probas escritas non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

A distribución das unidades didácticas será a seguinte:

1ª Avaliación: Da unidade didáctica 1 a 7. (N1)

2ª Avaliación: da unidade 8 a 10.(N2)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

A cualificación da primeira (N1) e segunda avaliación (N2) será o 80% da proba ou probas escritas e o 20% do cuestionario ou cuestionarios e tarefas propostos ao longo do trimestre.

A cualificación da 3ª avaliación en SETEMBRO tras o período na empresa (N3) será o 100% da valoración da empresa con un peso do 5%.

- As probas valóranse sobre 10 puntos, sendo variable o reparto desta puntuación entre as cuestións presentadas, xa que isto depende da tipoloxía de ditas cuestións.

- No caso de respostas incoherentes, por absurdas e sen sentido ou que non respondan ao solicitado, estas non serán cualificadas.

- Cada avaliación trimestral considerárase superada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5 (puntuación sobre 10).

- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Aplicarase o redondeo á unidade máis próxima, por exceso ou por defecto.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

O alumnado acadará a avaliación positiva se obten mínimo un 5 no promedio das avaliacións realizadas no centro e obtén unha valoración de "FAVORABLE" na empresa.

A cualificación final do módulo será o resultado da media ponderada tendo en conta a valoración da empresa:

$N1 \times 0,55 + N2 \times 0,40 + N3 \times 0,05$

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as que non superen o módulo no mes de febreiro, antes de ir á formación na empresa, poderán realizar actividades de recuperación durante a súa formación na empresa, realizando tarefas propostas pola profesora e facer unha proba final no mes de setembro, antes da avaliación final de módulos.

Esta proba consistirá na resolución dunha proba escrita sobre os contidos do módulo non superados, con posibles preguntas de desenvolvemento, de elección de resposta múltiple relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso.

A proba escrita suporá o 100% da cualificación.

A data desta proba de recuperación será comunicada aos alumnos/as implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

Para poder superar o módulo o alumno debe alcanzar una puntuación global de 5 ou mais. A cualificación obtida substituirá á anterior.

O alumno que non supere na proba de setembro o módulo quedará excluído do proxecto dual.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede a perda do dereito á avaliación continua para esta modalidade de FP Dual. As faltas de asistencia na FP Dual regulanse polo establecido no artigo 14 da Orde 14 de xuño de 2018, publicada no DOGA do 22 de xuño de 2018 segundo o cal o alumnado será excluído do proxecto de formación dual por faltas repetidas de asistencia e ou puntualidade non xustificadas.

Consideraranse faltas repetidas de asistencia máis de 4 días ( consecutivos ou non) sen xustificar no mesmo módulo

Para as faltas de puntualidade está xa recollido nas NOF que 3 faltas de puntualidade son 1 de asistencia.

Polo tanto o alumno que acada este número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será cumprimentada segundo o modelo previsto na aplicación informática de programación facilitada pola Consellería de Educación.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido.

A práctica docente avaliarase a través das enquisas do sistema de calidade.

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir. Dito seguimento recollerase semanalmente na aplicación de programación, e será remitido mensualmente ao titor ou titora correspondente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da tutoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo que achegue o seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.



O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dentro de cada unha das unidades didácticas establécense os contidos actitudinais, cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Traballaranse especialmente os seguintes:

1. Educación para o medio ambiente: O aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
2. A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
3. Respecto da dignidade e non explotación dos/as traballadores/as.
4. Educación para a paz e a non violencia: A conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.
5. Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.
6. A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos, no análise do plan de igualdade nas empresas, visualización dun corto sobre machismo nunha entrevista de traballo. Potenciarase o traballo en equipo sendo os grupos heteroxéneos e rotativos. Nos debates fomentarase o respecto á diferenza de opinión e ó ceder a palabra.
7. Análise das profesións con menor índice de presenza feminina.
8. Competencia dixital. Porase ó longo das unidades didácticas á súa disposición os recursos e medios necesarios para a mellora do uso das tecnoloxías. Emprego de ferramentas que respecten a propiedade



intelectual dos/as autores/as. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, BIC-Galicia, concello, asociacións de empresarios, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, expertos en primeiros auxilios, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas do contorno (polígonos industriais, asociacións de empresarios, etc). Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello social. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario -por iniciativa do mesmo ou como resposta a algunha proposta que chegue ao propio departamento- ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES que exceden do horario escolar poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de visitar actividades como Galiemprego -ou outras similares que se puideran organizar dentro da contorna-, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Unidade didáctica 0

Na primeira sesión lectiva a docente presentará ó alumnado o módulo pasando, despois a facer una avaliación inicial dos alumnos.